

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

ORDE do 26 de outubro de 2018 pola que se regula a concesión, uso e control da marca de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

O artigo 8 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, faculta a Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, despois da proposta da Comisión Galega de Artesanía, dite as normas precisas para crear distintivos que garantan a procedencia da produción artesanal galega e posibiliten a súa identificación nos mercados.

En virtude deste artigo, ditouse a Orde de 31 de xullo de 2001 pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca Artesanía de Galicia, propiedade exclusiva da Xunta de Galicia. A devandita orde, modificada pola Orde do 17 de setembro de 2007, creou unha imaxe gráfica, consistente nun símbolo e nun logotipo de Artesanía de Galicia para acreditar, como distintivo, a produción artesanal na nosa Comunidade Autónoma e regula o procedemento para a súa concesión uso e control da marca de Artesanía de Galicia.

Na actualidade, a marca de Artesanía de Galicia é recoñecida polos seus usuarios como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e prestixio dos produtos, e constitúe unha das principais fortalezas do sector artesán galego, polo que debe de ser aproveitada para impulsar o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego.

É por iso que xorde a necesidade de reforzar a marca de Artesanía de Galicia como eixe vertebrador da promoción e comercialización, polo que é preciso adecuar o seu uso ás novas fórmulas de comercialización, e reforzar as condicións do uso da marca coa finalidade de incrementar a súa protección e reducir a intrusión e a competencia desleal.

En consecuencia, no exercicio das atribucións conferidas de conformidade co disposto no artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto regular a marca que coa denominación de Artesanía de Galicia é propiedade da Xunta de Galicia, e o procedemento para a súa concesión, uso e control do distintivo da marca (código de procedemento IN201E).



2. A marca Artesanía de Galicia identifica os produtores e produtoras artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca se elaborou nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Artigo 2. *Finalidade do distintivo da marca*

O distintivo da marca Artesanía de Galicia ten como finalidade:

- a) Dotar a artesanía galega dunha imaxe que a distinga e identifique a súa procedencia.
- b) Promover a difusión da artesanía de Galicia e fomentar a súa comercialización.
- c) Protexer e manter o prestixio dos artesáns de Galicia e das súas obras.
- d) Informar as persoas consumidoras sobre a produción artesanal.
- e) Apoiar os puntos de venda ofrecendo a información necesaria que a diferencie no mercado.

Artigo 3. *Características do distintivo da marca*

1 . O distintivo da marca consiste nun símbolo deseñado en cores gris prata (Pantone 430 ou Pantone 877) e azul (Pantone 279) e o logotipo Artesanía de Galicia en cor gris prata (Pantone 430 ou Pantone 877) construído coa tipografía Avenir 45 Book, en caixa alta sen distorsións. Excepcionalmente, por cuestións técnicas de reprodución, poderá admitirse a versión en negativo (símbolo e logotipo en branco) impreso sobre un fondo escuro, preferentemente gris prata.

2. A modificación, transformación ou implantación dun novo tipo de marca ou modelo sobre Artesanía de Galicia correspóndelle á consellería competente en materia de artesanía.

Artigo 4. *Aplicacións do distintivo da marca*

1. O distintivo da marca aplicarase de acordo co manual do uso do distintivo Artesanía de Galicia nos seguintes elementos:

- a) Etiquetas identificativas do produto.
- b) Elementos de identificación do obradoiro.



c) Elementos de embalaxe e empaquetado.

d) Elementos de sinalización física.

e) Elementos de sinalización dixital.

2. A dirección xeral competente en materia de artesanía poderá deseñar e implantar outros elementos de aplicación do distintivo da marca, así como autorizar outras aplicacións do distintivo da marca.

Artigo 5. *Beneficiarios*

Serán beneficiarios do uso do distintivo da marca Artesanía de Galicia:

- Os obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

- Os establecementos de venda de artesanía, calquera que sexa a súa canle de comercialización, que así o soliciten, logo de autorización da dirección xeral competente en materia de artesanía, que cumpran os seguintes requisitos:

1º. Contar como provedores no ano inmediatamente anterior á data da solicitude dun mínimo de cinco obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía.

2º. Estar dado de alta na correspondente epígrafe do imposto de actividades económicas.

Artigo 6. *Condicións de uso da marca*

1. Os obradoiros de artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia deberán usar na comercialización dos seus produtos, o distintivo da marca Artesanía de Galicia segundo as aplicacións previstas no artigo 4.1.

Poderán propoñer unha forma alternativa de cumprimento da obriga anterior:

a) Os obradoiros en relación con produtos cuxas características sexan incompatibles cos modelos preexistentes no manual de uso.

b) Os obradoiros que dispoñan dunha embalaxe e empaquetado propios.



Para estes efectos, poderán utilizar material personalizado ou alternativo coa marca Artesanía de Galicia, logo da autorización da dirección xeral competente en materia de artesanía. Con anterioridade á súa edición, deberán achegar a proba de preimpresión dixital.

2. Os establecementos comerciais autorizados poderán utilizar as aplicacións da marca de Artesanía de Galicia previstas nas letras c) e d) do artigo 4.1 para identificar os produtos artesanais procedentes dun obradoiro de artesanía inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de acordo coas seguintes condicións:

a) Os elementos de embalaxe utilizaranse exclusivamente para a comercialización de produtos elaborados e etiquetados por un obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

b) Os distintos elementos de aplicación do uso da marca e os distintos produtos artesanais deberán estar dispostos de tal forma que non induzan a erro sobre a identificación dos produtos.

c) So poderá utilizarse a sinalización exterior da marca Artesanía de Galicia naqueles establecementos en que máis do trinta por cento dos produtos postos á venda sexan de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía.

Excepcionalmente, logo da autorización da dirección xeral competente en materia de artesanía poderá utilizarse sinalización exterior personalizada coa marca Artesanía de Galicia. Con anterioridade á súa edición, deberán achegar a proba de preimpresión dixital.

Por outra banda, a dirección xeral competente en materia de artesanía poderá, en supostos debidamente xustificadas por razóns das condicións singulares do establecemento, consensuar co comerciante unha sinalética específica para este.

Artigo 7. *Solicitud*

1. Os establecementos de venda de artesanía interesados no uso do distintivo da marca Artesanía de Galicia deberán presentar solicitude segundo o modelo normalizado do anexo I, dirixida á dirección xeral competente en materia de artesanía.

2. A solicitude conterá a declaración responsable de dispoñer de facturas de compra e xustificantes de pagamento dun mínimo de cinco obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía comprendidos no ano inmediatamente anterior á data da presentación da solicitude.



3. As solicitudes (anexo I) presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

4. A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional e as persoas representantes dunha das anteriores.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de forma presencial, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

5. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

6. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade solicitante.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-personais>.

Artigo 10. *Concesión*

A dirección xeral competente en materia de artesanía autorizará aos establecementos de venda de artesanía, que cumpran os requisitos sinalados no artigo 5, o uso do distintivo da marca, no prazo de dous meses contados desde a data en que a solicitude ten entrada no órgano competente.

No caso de non notificar a autorización no prazo sinalado a solicitude de concesión entenderase denegada.

O uso do distintivo da marca concederase por un período de 5 anos, contados a partir da data da súa concesión e será renovable por igual período logo da presentación de solicitude de renovación.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia [Notifica.gal](https://sede.xunta.gal) dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir



notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Entidades colaboradoras*

1. A consellería competente en materia de artesanía poderá autorizar a distribución do material da marca Artesanía de Galicia polas entidades colaboradoras, públicas ou privadas, que considere máis adecuadas, entendendo como tales as asociacións profesionais, de carácter multisectorial, con implantación autonómica, e cun número de asociados superior a cen.

2. As entidades colaboradoras poderán editar pola súa conta o material de promoción da marca Artesanía de Galicia, logo da autorización da dirección xeral competente en materia de artesanía. Para estes efectos, con anterioridade á súa edición, deberán achegar a proba de preimpresión a cal deberá respectar en todo caso as características técnicas orixinais previstas no manual do uso da marca.

3. As autorizacións previstas nos puntos anteriores formalizaranse nun convenio coas entidades colaboradoras en que constará as condicións para a distribución e edición do material coa marca. As devanditas entidades estarán obrigadas a informar a consellería competente en materia de artesanía trimestralmente sobre as entregas realizadas, con referencia ás persoas, material e unidades entregadas.

4. Todos os ingresos e gastos relacionados coa utilización da marca serán xestionados e administrados polas entidades colaboradoras a través dunha conta específica establecida para o efecto e levarán unha contabilidade dela. Os ingresos destinaranse a sufragar os gastos que ocasione o uso da marca.



5. Anualmente presentarán á dirección xeral competente en materia de artesanía información detallada sobre a contabilidade xerada polo uso da marca.

6. A dirección xeral competente en materia de artesanía poderá solicitar tanta información precise en relación coa distribución da marca.

Artigo 13. *Compromiso dos usuarios da marca*

Os obradoiros de artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e os establecementos comerciais autorizados, usuarios da marca de Artesanía de Galicia, comprométense ao cumprimento das condicións de uso e obrigas previstas na presente orde e no manual do uso da marca.

Os usuarios da marca serán responsables, polo dito incumprimento, dos danos e perdas que causen á marca ou a terceiros.

Artigo 14. *Control do uso da marca*

Corresponde á dirección xeral competente en materia de artesanía o control do uso adecuado da marca e do cumprimento das condicións e obrigas da súa utilización.

Artigo 15. *Uso indebido da marca*

1. O uso indebido das normas previstas nesta orde poderá dar lugar á revogación da autorización ou á suspensión do seu uso.

Todo iso sen prexuízo das sancións en materia de consumo previstas na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

2. Considéranse usos indebidos da marca:

a) A utilización da marca por aquelas persoas ou entidades que non reúnan a condición de beneficiarias de acordo co artigo 5.

b) O incumprimento das obrigas do uso do distintivo da marca de Artesanía de Galicia prevista no número 1 do artigo 6.

c) A venda e colocación de etiquetas ou a utilización de calquera outro material coa marca de Artesanía de Galicia, aínda de maneira accidental, en obxectos non elaborados por un obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.



d) A utilización dos elementos de sinalética de Artesanía de Galicia cando, pola súa disposición ou pola non debida separación dos produtos, induza a erro na identificación destes.

e) A utilización dos elementos de embalaxe en produtos non elaborados por un obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

f) A reprodución total ou parcial do material impreso coa marca Artesanía de Galicia por persoa ou entidade non autorizada.

g) A edición de material de promoción da marca Artesanía de Galicia sen respectar as normas contidas no manual do uso da marca.

Artigo 16. *Suspensión e revogación do uso da marca*

1. A dirección xeral competente en materia de artesanía poderá suspender o uso do distintivo da marca de Artesanía de Galicia, por un período dun ano ata dous anos, logo da tramitación do correspondente expediente con audiencia do interesado, polo uso indebido da marca de Artesanía de Galicia dos establecementos comerciais autorizados e dos obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, se é o caso, polas causas previstas nas letras c), d), e), f) e g) do artigo 15.

2. A dirección xeral competente en materia de artesanía poderá resolver a revogación da autorización do uso da marca Artesanía de Galicia no caso de reincidencia na comisión dos feitos sinalados no punto anterior.

En todo caso, dará lugar á revogación da autorización a utilización da marca Artesanía de Galicia durante o período de suspensión.

3. O incumprimento da obriga do uso do distintivo da marca de Artesanía de Galicia polos obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía poderá comportar a perda ao dereito á concesión de axudas da consellería competente en materia de artesanía cando así o prevexan as convocatorias correspondentes.

4. O uso da marca Artesanía de Galicia por aquelas persoas ou entidades que non reúnan a condición de beneficiario de acordo co artigo 5 poderá dar lugar a unha sanción administrativa en materia de consumo, logo da tramitación do correspondente procedemento sancionador.



Artigo 17. *Recursos*

Contra as resolucións ditadas pola dirección xeral competente en materia de artesanía en aplicación desta orde poderáse recorrer en alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de artesanía nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional primeira. *Responsabilidade por defectos*

A utilización desta marca por parte dos obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia compromete as ditas entidades a responder dos artigos por eles producidos e a facer fronte ás reclamacións que en relación con estes se susciten.

Disposición adicional segunda. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición transitoria única. *Período transitorio*

Establécese un período transitorio dun ano durante o cal poderán convivir os elementos da marca Artesanía de Galicia elaborados de conformidade coa Orde do 31 de xullo de 2001, modificada pola Orde do 17 de setembro de 2007, pola que regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, cos elaborados de acordo coa presente orde e o seu manual de uso.

Así mesmo, establécese un período transitorio de dous anos para exixir o cumprimento do disposto no artigo 6.1.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogada a Orde do 31 de xullo de 2001 pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.



Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facultase a dirección xeral competente en materia de artesanía para ditar as disposicións necesarias para a aplicación, execución e eficacia do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria




ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AUTORIZACIÓN DO USO DA MARCA ARTESANÍA DE GALICIA	IN201E	SOLICITUDE


DATOS DA PERSOA SOLICITANTE								
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

OBJECTO DA SOLICITUDE			
<input type="radio"/> OBTENCIÓN	<input type="radio"/> RENOVACIÓN	<input type="radio"/> MODIFICACIÓN	<input type="radio"/> BAIXA

DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL								
NOME DO ESTABLECEMENTO								
<input type="text"/>								
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
TELÉFONO	PÁXINA WEB	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: x6rbc3q4-z9w1-5p30-qtr4-phlo2kvk22x8




ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que dispón de facturas de compra e xustificantes de pagamento como mínimo dos cinco obradoiros inscritos no Rexistro Xeneral de Artesanía, que a continuación se relacionan, comprendidos no ano inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude:

1.	
2.	
3.	
4.	
5.	

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a persoa solicitante	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais


Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 26 de outubro de 2018 pola que se regula a concesión, uso e control da marca de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data
 , de de



Dirección Xeral de Comercio e Consumo


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora
